



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 24/01/2008

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Branco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo ás vinte horas do día vinte e catro de xaneiro de dous mil oito, reuníronse, logo de convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/11/2007.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 29/11/2007. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.

2º.- DENUNCIA “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CHANTADA E A CRUZ VERMELLA PARA A XESTIÓN DUN CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES”

D. Ildfonso Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de data 29/08/2007, de delegacións de atribucións de Alcaldía no Tenente de Alcalde.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Resultando que por acordo plenario de data 26/04/2005 se aprobou o "Convenio de colaboración entre o Concello de Chatada e a Cruz Vermella para a xestión dun centro de día de atención a persoas maiores".

Atendendo a que o prazo de vixencia do devandito convenio se estipulaba en tres anos dende o día da súa sinatura, prorrogándose por iguais períodos no caso de que non exista denuncia expresa dunha das partes nun prazo de dous meses antes do seu vencemento.

Tendo en conta que se pretende ceder a xestión do centro de día ao Consorcio Galego de servizos de igualdade e benestar, para a súa posta en funcionamento a partir do día 26/04/2008.

Considerando o disposto nos artigos 21, 22 e 23.2 b) da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no Decreto da alcaldía de data 29/08/2007, de delegación xenérica de atribucións no tenente de alcalde en materia de benestar social entre outras.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de servizos, servizos sociais, igualdade e muller, de data 21/01/2008.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Tenente de Alcalde, explica o contido do acordo xustificando a necesidade de denunciar o convenio con Cruz Vermella e non prorrogalo polos motivos que se explican no seguinte punto da orde do día, polos escasos recursos materiais do centro e pola escasez de persoal e a súa escasa retribución que redundo no tratamento dos usuarios, concluíndo que co novo modelo de xestión sairá gañando os usuarios do centro e o Concello.

O Sr. Varela Rodríguez, voceiro de grupo PP, móstrase favorable á proposta, sinalando que ao empezar a funcionar o centro de día de Chantada a Cruz Vermella tiña moi boas referencias, pero agora non están moi contentos co funcionamento do centro.

O Pleno da Corporación, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Denunciar o "Convenio de colaboración entre o Concello de Chantada e a Cruz Vermella para a xestión dun centro de día de atención a persoas maiores", de modo que se de por finalizado o próximo día 26/04/2008.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Cruz Vermella de Chantada, e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos."

3º.- CESION DO USO DO CENTRO DE DÍA DE CHANTADA AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de data 29/08/2007, de delegacións de atribucións de Alcaldía no Tenente de Alcalde.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Resultando que por acordo plenario de data 27/09/2007 se aprobou a integración do Concello de Chantada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os estatutos do Consorcio publicados no DOGA de data 7/07/2006, designándose como representante do Concello nos órganos reitores do Consorcio ao tenente de alcalde, D. Idefonso Piñeiro Díaz.

Vista a proposta de convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello de Chantada para a xestión do centro de día de Chantada, onde se establecen as seguintes condicións e obrigas para o Concello de Chantada:

- prazo de duración de 10 anos, prorrogables

Cesión de uso do inmovible e equipamentos do centro de día de Chantada

Custos de mantemento xeral do edificio e dos exteriores

Limpeza integral do centro, vixilancia e seguridade deste

Outros medios precisos para o funcionamento do centro segundo o anexo I do convenio.

Participación na xestión do centro nos termos das normas de carácter interno, formando parte do organismo de selección do persoal do centro, e colaborando na tramitación de solicitudes para o acceso ao centro.

Visto o informe xurídico do Secretario municipal de data 16/01/2008.

Considerando o disposto nos artigos 55, 57 e 87 da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e o artigo 4 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 47.2 h) da Lei da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en canto á esixencia de maioría absoluta para a aprobación de acordos de transferencia de funcións o actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

Considerando o disposto nos artigos 21, 22 e 23.2 b) da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no Decreto da alcaldía de data 28/09/2007, de delegación xenérica de atribucións non tenente de alcalde en materia de benestar social entre outras.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de servizos, servizos sociais, igualdade e muller, de data 21/01/2008.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Tenente de Alcalde explica que a cesión da xestión do centro de día ao Consorcio supón moitas melloras no servizo a nivel asistencial que é o que mais nos interesa e a nivel económico. En canto ás melloras asistenciais sinala as melloras no equipo de persoal, nos recursos materiais, en



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

educación social, traballo social, enfermaría, fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía educacional, aloxamento, manutención e acompañamento, con diferenzas notables respecto ao modelo anterior. Afirmar que o obxectivo é aumentar a eficacia e a eficiencia, tratando de atrasar o ingreso das persoas maiores en residencias.

En canto ao aspecto económico, argumenta o Tenente de Alcalde que no informe da Interventora se reflicten os datos anuais de gastos (137.000 euros) e ingresos (53.000 euros), co resultado presupostario de 84.920 euros, que son os gastos do Concello no ano 2006. Argumenta que co novo modelo co prezo de 40 euros/día/usuario (o que supón uns 240.000 euros por 25 usuarios), o concello achega un terzo desta parte (uns 80.000 euros), menos a subvención anual de 24.500 euros, polo que o concello asume uns gastos anuais duns 55.000 euros, case 30.000 euros menos que o ano pasado. Sinala tamén que no informe económico non constan os gastos de aluguer do centro de día, que se está a tratar de que se faga cargo o Consorcio, que a potestade tarifaria dos usuarios se regula na lei de Dependencia segundo o IPREM, e que en casos de resolución ou extinción do consorcio se creará unha comisión de seguimento que estableza as devanditas causas. Por último, conclúe afirmando que neste tipo de servizos non hai que mirar só o aspecto económico, senón tamén o asistencial, e que esta sobradamente xustifico o cambio de xestión do servizo.

O Sr. Varela afirma que non está de todo de acordo cos datos económicos que se presentan, e que se deberían barallar as cifras do ano 2006, que se recibía a cantidade de 74.000 euros, que non foi a mesma no 2007, que non sabemos se non se solicitou a tempo ou se denegou, o que supón unha forma de forzar aos concellos a entrar no Consorcio ou retirase a subvención. Tamén considera que isto supón unha centralización nas Comunidades Autónomas o que antes se centralizaba en Madrid, polo que se se fai así non se debería cargar aos concellos continuamente o que é competencia deles, como a seguridade social, a educación, o SERGAS que están trasferidos e son competencias da Xunta. Afirmar que co pacto local a Xunta adquire competencias dos concellos e agora cárgaselles por outro lado con servizos que ten que pagar a Xunta, o que supón utilizar a vía impositiva directa aos cidadans para sufragar eses servizos, o que non é conveniente, concluíndo que se van abster esperando que saia ben este cambio de xestión.

O Sr. Tenente de Alcalde matiza que a achega de 60.000 euros foi unha achega especial de 2006 de remanentes que se repartiron por todo o país, que quedou pendente para o ano 2007, e que a axuda concreta para o centro de día de Chantada en 2006 era duns 24.700 euros; e que non hai empresas especializadas que poidan dar este tipo de asistencias, como se viu coa Cruz Vermella.

O Sr. Varela afirma que o centro de día de Chantada ten unha boa situación e funcionaba ben, dabase bo trato aos usuarios, recibíanse felicitacións e poñíase como exemplo en Galicia, e veremos se nun ano se cumpren as cousas que agora se prometen.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a cesión de uso do Centro de día e o equipamento do mesmo ao



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a súa xestión nos terminos da proposta de convenio, autorizando ao Sr. Tenente de Alcalde para a sinatura do mesmo.

SEGUNDO. - Remitir o presente acordo aos servizos centrais do Consortio e a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar."

4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACION PUNTUAL DO PGOU DE CHANTADA NA RUA "DO REGO". EXPTE: 314/01/2007.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2007, aprobouse a incoación do expediente para a modificación puntual do PGOU de Chantada na rua do Rego, remitíndose o proxecto técnico (redactado por Eptisa Servizos de Ingeniería, S.A.) á Dirección Xeral de Urbanismo, e a Consellería de Medio Ambiente Desenvolvemento Sostible, aos efectos previstos na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dous efectos de determinados plans e programas non medio.

Visto o informe previo á aprobación inicial de data 26/09/2007 do director xeral de urbanismo, RE nº 2979, de data 4/10/2007, no que se realizan ás seguintes recomendacións:

"Non obstante, e dado que se prevé en todo o fronte do rueiro afectado un soportal duns 65 m. de lonxitude compre o xuízo déaste servizo realizar ás seguintes recomendacións:

1. Deberíase completar o proxecto de modificación cunha ordenanza gráfica reguladora do soportal proxectado que garanta unha execución formal unitaria en todo o fronte de maza onde se proxecta de tal xeito que a distribución de pilastras teña unha cadencia regular e que a configuración exterior do mesmo responda a un deseño único e con definición de materiais de faciana que resulten acordes coa características tradicionais aínda existentes na praza Santa Ana (art.. 54 e da Lei 9/2002).

2. Así mesmo o longo do soportal de dous metros (1,60 útiles pola ocupación das pilastras) resulta insuficiente para o tránsito peonil e desproporcionadamente estreito para a súa altura polo que a recomenda amplialo. "

Vista a Decisión de 1/08/2007, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, RE nº 2441, de data 14/08/2007, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual do PGOU de Chantada na rúa do Rego, na que resolve que non é necesario someter a modificación puntual ao procedemento integrado de avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico.

Resultando que por acordo plenario do día 25/10/2007 acordouse aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada na rúa do Rego, suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación ou demolición en todo o area afectada pola modificación puntual, e someter o expediente a información pública.

Visto o certificado do Secretario municipal de data 17/01/2007 sobre a non presentación de alegacións durante o período de exposición pública do expediente.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o informe técnico do Aparellador Municipal do día 17/01/2008.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 17/01/2008.

Considerando o disposto nos artigos 77 e 85 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Considerando o establecido non artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio rural de data 21/01/2008.

O Pleno da Corporación, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada na rúa do Rego.

SEGUNDO.- Remitir o expediente debidamente diligenciado á Consellería de Política Territorial, obras Públicas e Transportes para a súa aprobación definitiva.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto non artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para sometelo a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

O grupo PP presenta tres mocións de urxencia sobre as inversións do canon, a problemática que pode xerar o retraso da ampliación do polígono dos acivros, e sobre o parque eólico singular. Sometida a votación a urxencia de forma conxunta, son aprobadas por unanimidade.

1. MOCION SOBRE AS INVERSIÓN DO CANON.

Despois de moitos anos de loita ca Deputación Provincial de Lugo, en distintas instancias xudiciais, chegou o momento esperado para cumprir con este Concello de un xeito definitivo.

Nestes últimas semanas, vimos observando en diversos medios de comunicación, nos cales o Sr. Alcalde fixo declaracións que máis que aclarar veñen a encher de dúbidas o que se vai a facer a respecto do PLAN DE INVERSIÓN con cargo o dito Canon, en cuestións como o necesario consenso cas forzas políticas representadas na Corporación Municipal que representan o sentir de tódolos Chantadinos, ou a localización das ditas obras que debe contemplar o PLAN DE INVERSIÓN, o incluso a propia contía para os distintos investimentos.

Por parte do Grupo Popular, e cando gobernábamos, dixemos en numerosas ocasións,



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

que as inversións que se foran a levar a cabo serían consensuadas cos distintos Grupos Políticos, os Populares de Chantada seguimos pensando do mesmo xeito, non mudamos de opinión.

Por todo isto, e tendo en conta os antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular considera necesario que este pleno tome un acordo unánime a respecto do PLAN DE INVERSIÓN CON CARGO O CANON DE ENERXÍA polo que propón o seguinte acordo:

A. 1. Creación dunha Comisión na que estean presentes as tres forzas políticas conforme a súa representación política na Corporación Municipal.

Dita Comisión deberá acordar as obras a realizar e a súa localización.

A dita Comisión terá como un dos seus obxectivos facer un seguimento exhaustivo da execución e prazos das obras.

B. Este Pleno deberá velar para que ditos investimentos contemplados no PLAN DE INVERSIÓN, non veñan a solapar outros investimentos necesarios para o Concello de Chantada con cargo a outras partidas orzamentarias procedentes das distintas Consellerías da Xunta de Galicia para cumprir con exactitude os compromisos adquiridos por parte do propio Presidente do Goberno Galego para con este Concello.”

Defende a moción o Sr. Varela, relatando os antecedentes do contencioso sobre o canón eléctrico, mostrándose de acordo coas resolucións xudiciais, co pagamento da Deputación en 3 anualidades e coa xestión realizada para compensar a recarga provincial do IAE. No que non se manifesta de acordo é co que se dixo de consensuar as obras a realizar co canon con todos os grupos políticos, xa que o PP é a forza maioritaria que representa 3.000 veciños, polo que sería un erro deixalo fóra da comisión.

O Sr. Iglesias, voceiro do grupo PSOE, sinala o desinterese que tubo o grupo popular que non loitou polo canón salvo na última etapa co Sr. Cacharro case fóra da Deputación. Sinala tamén que non teñen inconveniente en que formen parte da comisión, que o proceso o iniciou o alcalde actual, que os investimentos que se fagan se farán defendendo os intereses dos chantandinos, e que non hai ningún problema en que a comisión este composta por un membro de cada grupo político.

O Sr. Tenente de Alcalde di que o canón é de todos os chantandinos e que é lóxico que esté o PP nesa comisión, e que no ano 2004 había xa unha comisión na que se falaba dun proxecto para a universidade, que nunca funcionou, e que agora se vai funcionar e está ben que esteamos todos representados de forma paritaria, un membro por cada grupo político, sobre todo para facela operativa de cara ás negociacións coa Deputación.

O Sr. Varela contesta ao Sr. Iglesias referíndose ás sentenzas das distintas instancias en Lugo, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Tribunal Supremo, afirmando que se fixo todo o que a puido, e que podían deixar pasar a execución da sentenza e non se fixo, co desgaste persoal que me supuxo; e que se o seu voto na Deputación fose decisivo se executarían antes a sentenza.

O Sr. Iglesias afirma que se conseguiu agora un compromiso de pagamento da Deputación e que antes se debería utilizar o respaldo popular e a maioría absoluta para



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

facen valer ese peso na provincia e posicionarse contra o Sr. Cacharro, pois representaba non só unha alcaldía senón tamén un ou dous deputados, e a manifestación simbólica de Lugo debería estar encabezada polo Alcalde, co que saíría moi reforzado politicamente. En calquera caso, sinala que é de xustiza que esten presentes nesa comisión.

O Sr. Alcalde apunta que xa gastaron 1.5 millóns de euros do canon coas débedas da Deputación, do IAE, e fóra de presuposto, que non creou ningunha comisión para aprobar eses gastos, que o diñeiro non estaba consignado para ningunha obra concreta, e que tenia que estar consignado nunha conta. Tamén sinala que os gastos xudiciais sobre o canón ascenden a 344.000 euros, polo que se debería de contribuír tamén a sufragar eses gastos a parte de cobralos, xa que foron motivados pola súa xestión, sendo 200.000 euros de gastos xudiciais nos últimos recursos.

O Sr. Varela sinala que fixeron o que dicían os servizos municipais, que a débeda coa Deputación viña de atrás, do ano 1994 a 1996 que se deixara de pagar con vostede, e nós continuamos con iso, enfrontándonos á Deputación, como co recurso do concello de Taboada que se deixou de pagar no ano 1993 e agora houbo que pagalo por unha sentenza. Afirmo tamén que se se deixou de pagar á Deputación a recarga provincial foi porque había unha sentenza favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; e en canto aos gastos xudiciais sinala que se decidiu que houbera un servizo independente para levalo a cabo. En canto á composición da comisión, afirma que debería de ser proporcional ou composta por todos os membros da corporación, e se é necesario ir á Deputación pode ir un membro en representación de cada grupo.

O Sr. Alcalde formula se se aproba a moción coa emenda formulada polos grupos PSOE e BNG da comisión paritaria, e tras debater os distintos grupos sobre esta cuestión acórdase, por unanimidade, remitirse á comisión informativa de urbanismo xa constituída.

2. MOCION SOBRE A PROBLEMÁTICA QUE PODE XERAR O RETRASO DA AMPLIACIÓN DO POLÍGONO DOS ACIVROS.

“Nestas últimas, datas estamos vendo con certa preocupación, os distintos comentarios que se veñen facendo relacionados co dito asunto.

Dende o Grupo Popular non podemos deixar de facernos eco de algo que pode supor a deslocalización de empresas asentadas no noso Polígono e doutras que puideran vir nun futuro inmediato.

Pensamos que dende outras instancias administrativas, se cadra con máis peso político que o que teñen os grupos que compoñen o Goberno de Chantada, puidera ser que se nos estea retrasando o noso desenrolo respecto da ampliación sinalada, para que dese xeito se vexan outros beneficiados.

E por elo, que dende este Grupo Popular esiximos que se lle dea a máxima prioridade ao dito Polígono, para que nun período de tempo (o máis curto posible) se vexa unha realidade que

todos deberíamos intentar acadar, que non é outra que, a necesaria dotación de solo



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

industrial no noso Concello.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular solicita perante o Pleno do Concello de Chantada que se tome o seguinte acordo:

“Instar o Goberno Municipal para que faga as xestións necesarias e ca máxima urxencia perante a Sociedade Urbanística Provincial e o propio Presidente da Excelentísima Deputación Provincial a fin de darlle a celeridade que precisa a ampliación do Polígono dos Acivros”.

Defende a moción o Sr. Varela, referíndose aos antecedentes do polígono industrial e a súa ampliación, sinalando que a Sociedade Urbanística Provincial, que está participada por institucións e empresas privadas, atrasou o procedemento. Sinala que se sabía fai dous anos que a empresa Éstrella de Galicia estaba interesada en instalarse no polígono industrial de Chantada, e mesmo fíxose unha reserva de térrenos na Deputación; o que era de grande importancia para Chantada polos postos de traballo directos e indirectos e para dinamizar o polígono industrial. Polo que consideran que se debería traballar con impetu e axilizar os trámites que faltan en Santiago, e que por parte da Sociedade Urbanística lle dean axilidade ao polígono industrial para ter canto antes a ampliación.

O Sr. Iglesias coincide coa argumentación do Sr. Varela, pero apunta que só levan 8 meses no goberno de Chantada, e que cando o Sr. Varela entro no goberno había en Chantada 111.000 m² de súdo industrial, e cando o deixou o ano pasado había o mesmo, polo que non creo súdo industrial en 12 anos. En xuño de 2005 a asino o convenio coa Deputación, sen prever antes necesidades de industrias de ningún tipo. Tamén afirma que o citado convenio sinalaba a posibilidade de establecer compromisos firmes con empresas para facer o parque, o que non se fixo, polo que sorprende moito esta moción a nós e a todos os industriais de Chantada. Sinala concretamente que non se axilizou nada nos dous últimos anos, cando xa se sabía o da Éstrella de Galicia, iniciándose o expediente en data 10/05/2007; e que foi ao entrar nós no goberno cando se fixeron os trámites mais complexos, e estase a facer todo o que se pode, e que no plan xeral se contemplan as necesidades de solo industrial; por que non ten sentido esta moción, dado que non axuda a nada.

O Sr. Tenente de Alcalde sinala que a preocupación polo solo industrial é dende hai moito e non dende ultimamente como di a moción, que en 12 anos de goberno do PP podía estar feita, que ten a máxima prioridade para nós e que nestes últimos meses se fixo mais que en 11 anos, intentándose facer o proceso o mais curto posible.

O Sr. Varela afirma que están a recordar cousas ás que se comprometeron co electorado de Chantada, que o polígono se inaugurou en 1996 cunha sola nave, e non hai empresa que fíxese a ampliación do polígono cando había moitas parcelas sen vender. E no 2003 empezou a ver a ampliación do polígono con Xestur, e a medida que se foron instalando as empresas iniciáronse os trámites en 2005 coa Sociedade Urbanística, que o demoraron dous anos, non habiéndose feito nin a expropiación nin a compra de térrenos. O concelleiro conclúe afirmando que o que hai que mirar é que se faga canto antes para o bo desenvolvemento de Chantada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Iglesias apunta que o 75% do solo estaba vendido en 1996 a pesar de haber só unha nave instalada, polo que non se fixo todo o que era posible e deberíanse buscar alternativas, e se se conseguise ese texido industrial fai 10 ou 12 anos o polígono de Chantada podería ser mellor que o de Lalín.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Varela se retira a moción ou a presénta como rogo, xa que a pesar de compartir a mesma preocupación, non hai nada parado e se está a facer todo o que se formula en moción, polo que hai que dar sensación á cidadanía de ir no mesmo sentido.

Tras diversas intervencións dos distintos concelleiros o Sr. Varela conclúe reafirmándose no anterior sen reirar a moción nin a presentala como rogo.

Sometida a moción a votación, é denegada por sete votos en contra dos grupos PSOE e BNG e seis votos a favor do grupo PP.

3. SOBRE O PARQUE EÓLICO SINGULAR

“O Concello de Chantada non poderá dispoñer de parque eólico singular no Monte Faro, segundo se deprende da resposta ofrecida no Parlamento o pasado decembro, polo director xeral de Industria da Xunta, Anxo Calvo, o Grupo Parlamentario Popular, dende o Grupo Municipal Popular vemos con preocupación que o noso Concello poida que quede sen unha fonte de financiación moi necesaria para o seu futuro se por parte da Consellería de Industria non se lle da viabilidade a licenza de dito parque eólico.

Aínda que o representante da Xunta argumentou a existencia de hipotéticas dificultades relacionadas coa rede de evacuación eléctrica e coa protección ambiental á que está suxeita a zona, é o certo que no Monte Faro está a operar un parque eólico privado.

Ademais, outros concellos da comarca, como Carballedo, Taboada ou Monterroso, dispoñen, desde xullo de 2007, de autorización autonómica para implantar os seus propios parques eólicos singulares que lles permitirán dispoñer de ingresos económicos adicionais cos que poder financiar a prestación de novos servizos aos seus veciños. Na súa comparecencia, o director xeral de Industria deu a entender que o recurso presentado polo Concello de Chantada será rexeitado, pero aínda non está fixada a data na que se fará pública a resolución.

A xuízo do Grupo Popular existe unha “clara falta de vontade política da Xunta”, que si existiu para municipios limítrofes, a decisión tamén deixa en evidencia a “nula capacidade de influencia” do actual Goberno municipal chantadino, que non foi capaz de facer valer os seus dereitos ante o Executivo autonómico.

O director xeral sinalou na súa resposta que a Xunta tampouco comparte que a instalación de parques eólicos singulares sexa unha vía axeitada para incrementar o financiamento municipal, ese argumento revela, que o bipartito pretende centralizar eses ingresos, para despois “efectuar o reparto en función dos criterios clientelares aos que



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

nos ten acostumados”

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular en Chantada solicita perante o Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

“Instar o Goberno Municipal para que realice as xestións políticas oportunas perante a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, a fin de que se resolva a favorablemente recurso presentado no seu día, polo Concello de Chantada”.

Defende a moción a Sra. López Abella, relatando os antecedentes en relación coa tramitación dos parques eólicos singulares, afirmando que o Director Xeral de Industria deu a entender no mes de decembro que o concello de Chantada non podía dispoñer de parque eólico singular no monte do Faro, por hipotéticas dificultades relacionadas coa rede de evacuación eléctrica e por estar incluído nunha zona de protección ambiental, se bién no monte Faro opera outro parque

eólico privado da empresa Enerfín; e outros concellos da zona como Carballedo, Taboada ou Monterroso dispoñen dende xullo de 2007 desa autorización autonómica que se nos nega a nós. Tamén afirma que deu a entender o director xeral que o recurso formulado polo concello de Chantada sería rexeitado, e que se debe a unha falta de vontade política da Xunta, que se existiu para municipios limítrofes, así como a unha falta de capacidade e influencia do goberno

de Chantada ante a Consellería de Industria; polo que deberían facerse as xestións oportunas para que o recurso presentado polo actual alcalde se resolva favorablemente, dada importante fonte de financiamento que supón o parque eólico para as arcas municipais.

O Sr. Piñeiro apunta que aínda non se deu resposta ao recurso e que a resposta do director xeral no debate da comisión do Parlamento era a necesidade de preservar espazos naturais incluídos na "rede natura" e facer cumprir a lei polas administracións públicas, dado que hai problemas ambientais e coa rede de evacuación eléctrica, e as posibilidades de evacuación son inviables de acordo coa orde da convocatoria. Sinala tamén que existen outras vías de financiamento das facendas municipais, como negociar cos parques eólicos privados como é o caso de Enerfín, polo que non hai que escusarse no recurso, que aínda non se lle deu resposta.

O Sr. Iglesias expón que Taboada non ten parque eólico singular, e que coincide co sinalado polo Sr. Piñeiro, sinalando os distintos motivos, e afirmando que hai que esperar a contestación do recurso, que se dará para todo o territorio galego e non solo para Chantada, e a única presión que debe existir é polos concellos afectados a través da FEGAMP. Tamén, sinala que se existe a posibilidade nalgún momento de que Chantada poida ter parque eólico nun lugar que non sexa rede natura, a través dunha empresa, o concello de Chantada podería negociar co esa empresa a presentación do proxecto para a instalación dese parque, o que tería maior viabilidade.

A Sra. López Abella di que agora son éellos os que están a gobernar e non deben falar da xestión anterior que non ten nada que ver, e que Chantada ten entidade para esixir ao



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

concelleiro unha entrevista e afondar nesta xestión, facendo valer o peso político como facíase antes en Santiago, polo que sorprende que presenten un recurso e non presionen agora para que se resolva ao seu favor, polo que deberían votar a favor da moción e reunirse co director xeral ou conselleiro para que explique como vai quedar o recurso en vez de esperar a que se acumule con outros concellos.

O Sr. Alcalde sinala que segundo as súas informacións o Sr. Calvo dimitiu hoxe, e que non entende como di que a Xunta segue criterios clientelares e por outro lado afirma a mala capacidade de influencia, que está presentado o recurso e que están a traballar en élo, e que a nivel de partido houbo reunións en Lugo de alcaldes socialistas e se creou unha comisión, polo que se hai presión política e se vai intentar que haxa un parque eólico para Chantada, senón agora mais adiante.

O Sr. Tenente de Alcalde sinala que por suposto que se están a facer xestións políticas, que se fixo o recurso no seu día e agora se falar a falar con conselleiro e con xente das consellerías, polo que non entende porqué se di iso.

A Sra. López Abella insiste no anterior afirmando que a presión que se está a facer é nula, que van derogar a concesión de Chantada, e que deben de facerse xestións políticas en Santiago de forma bilateral como se fixo noutra época neste concello.

O Sr. Mazaira aclara as diferenzas entre concesión e autorización, apuntando que Chantada nunca tubo autorización para a instalación do parque, relatando os antecedentes na regulación e repartición dos parques eólicos polo partido popular, que posteriormente foi anulada como se sabe, e afirma que hai que cumprir ordénelas e os criterios que se establecen.

O Sr. Alcalde afirma que quizás non se fixo ben o proxecto e agora poderíamolo ter concedido, e se non había terrenos se podía negociar cos veciños en montes privados.

Tras diversas intervencións dos concelleiros no mesmo sentido, sométense a moción a votación, que é denegada por sete votos en contra dos grupos PSOE e BNG, e seis votos a favor do grupo PP.

5º. - ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Non se realizaron.

PREGUNTAS:

1. Sr. Varela: Contempla o PGOU terreos para vivendas sociais.
- Sr. Alcalde: Verase cando saia, hai normativa que o esixe.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2. Sr. Varela: O lixo que había no monte do faro foi retirado.
- Sr. Alcalde: Fíxose por protección civil.

3. Sr. Varela: Reclamaban dende Monforte a reunión consello económico Social.
- Sr. Alcalde: É complicado poñelo en marcha segundo o regulamento que o regula, hai poñerse de acordo cos distintos representantes sindicais.

4. Sr. Varela: Que xestións se están a facer sobre os terreos da depuradora.
- Sr. Alcalde: Optouse por trasladala, as expropiacións téñenas que facer a Confederación.

5. Sr. Varela: Séguese coa idea do museo da inmigración, hai un na Coruña.
- Sr. Alcalde: Non hai novidade por agora.

6. Sr. Varela: Sábese algo da segunda fase do campo de fútbol, xa que se comprometeron a empezar na segunda metade de 2007.
- Sr. Tenente de alcalde: Se esta falando coa Directora Xeral de Deportes e se está a redactar o proxecto.

7. Sr. Varela: Os veciños da rúa Alferez Baanante dicían que non se cumprira os pasos de peóns.
- Sr. Iglesias: Empezamos o luns, dende o restarurante Faro ao pavillón, hai compromiso xa co contratista.

8. Sr. Varela: Na mesma rúa dixemos no pleno anterior que había un bache na beirarrúa á esquerda, e algúns pisos tiñan gretas polos camións pesados que se arriman demasiado.
- Sr. Alcalde: Hai unha obra aí, e se esta requirido o construtor para levantar a plaqueta e arranxalo.

9. Sr. Varela: Porqué retíranse as actas da comisión de goberno e do pleno da páxina web do concello.
- Sr. Alcalde: Segundo informou o Sr. Secretario non se deberían publicar para non contravir a Lei de protección de datos persoais, sobre todo as actas da Xunta de goberno posto que as sesións son secretas.
- Sr. Tenente Alcalde: Podería facerse se se borran certo tipo de datos persoais, aínda que quizais levaría bastante traballo eliminar eses datos, aínda que se podería valorar se se pode facer.

10. Sr. Varela: Escoitamos que estaba configurada a comisión da feira do viño sen contar cos bodegueiros nin a asociación de bodegueiros.
- Sr. Iglesias: Non hai nada, cremos que é necesario facer un cambio, e na reunión que houbo propúxose facer unha comisión que controlase o que se estaba a facer por parte do concello, que representa os cidadans, e que achegou 60.000 euros este ano, mais do 50% dos gastos. Este ano esta previsto conceder unha subvención de 40.00 euros, e



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

facen reunións continuadas, apostando polo cambio pouco a pouco.

11. Sr. Varela: Vai haber cambios nos sitios das pulperías do lugar de costume.

- Sr. Alcalde: No campo da feira, trasladámoslos aí cando se poida.

12. Sr. Varela: Vanse trasladar ou recolocar os puntos de venda ambulante, falaron cos empresarios.

- Sr. Alcalde: Non hai nada oficial.

13. Sr. Varela: Está de acordo co que dixo o Tenente de alcalde de asumir as materias que están en mans de BNG para ter maior peso político.

- Sr. Alcalde: Temos unha escola obradoiro cunha inversión de 550.000 euros.

E sendo, ás vinte e dos horas, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 25 de xaneiro de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel